


# URBANO LUGRÍS

## no MUSEO MASSÓ e viceversa

O relato deste percorrido expositivo desvélanos como se foi xestando a vocación artística do pintor Urbano LUGRÍS a partir da súa inmersión na colección e biblioteca do antigo museo da familia Massó.



Antes de converterse en pintor, Urbano LUGRÍS traballaba manexando as marionetas e deseñando os decorados.




Cando o exército franquista desata o horror da guerra civil en España, LUGRÍS márchase de Madrid e intálase en Vigo.



En 1942 o seu amigo José M<sup>a</sup> Castroviejo preséntalle aos seus cuñados, propietarios da gran industria conserveira Massó, para que lle dean unha ocupación na fábrica de Bueu.



Cando quedaba en Bueu aloxábase nun apartamento situado no edificio da nova fábrica, preto da antiga conserveira na que se atopaba o museo mariñeiro dos Massó.




O seu traballo consistirá en deseñar os stands promocionais das conservas Massó e en decorar con pinturas as paredes do comedor das empregadas na antiga fábrica. Con esta serie de pinturas inicia sen sabelo a súa carreira artística.



Outro traballo que realiza para os Massó é a montaxe do Pavillón dos Museos na Feira do Mar de Vigo, onde expoñen parte da súa colección náutica, mapas e libros antigos.



José M<sup>a</sup> Massó concibe unha gran obra coa historia das embarcacións e pídelle que a pinte sobre azulexos. A paixón que compartían polo mar dará lugar a unha serie de pinturas que marcan os inicios da carreira artística do pintor.



Urbano LUGRÍS quedou impresionado coa sala do museo instalada encima do comedor. Alí comezou a pintar os seus primeiros cadros, fascinado por aquela colección que o trasladaba aos primeiros tempos da navegación oceánica.



Como alcalde de Bueu, José M<sup>a</sup> Massó encárgalle o deseño da nova capela dos Santos Reis.



Despois de catro anos traballando para a familia e a empresa Massó, LUGRÍS converteuse nun artista e expón en Vigo os seus primeiros cadros inspirados na colección e na biblioteca do museo.



# FIN